



Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: correo@betanzos.net

## CONCELLO DE BETANZOS

### ANUNCIO

Por resolución de Alcaldía número 517/2022 de data 07/04/2022 aprobouse o seguinte:

**ASUNTO:** BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE FUNCIONARIOS INTERINOS, GRUPO C, SUBGRUPO C1.

**EXPEDIENTE:** 2022/E001/000003

#### 1ª. OXECTO DAS BASES XERAIS

É obxecto das presentes bases a creación dunha bolsa de emprego para ter preparado un mecanismo que dea cobertura legal a necesidades esenciais que poidan xurdir, con profesionais que desenvolven as súas funcións na categoría profesional encadrada no grupo C, subgrupo C1, escala de administración xeral, subescala administrativa, denominación: Administrativo. Sistema de Acceso: Oposición.

#### 2ª.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

Establécese como sistema de selección o de oposición, garantindo os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

#### 3ª. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas que desexen participar no presente proceso selectivo deberán contar cos seguintes requisitos:

**a)** Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados aos que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto pola Lei 17/1993, do 23 de decembro; así como no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico del Empregado Público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico dp Sector Publico).)





Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: correo@betanzos.net

- b)** Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c)** Estar en posesión do título de Bacharelato, FP 2º grao ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- d)** Non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o desempeño das correspondentes funcións.
- e)** Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f)** Contar coa capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

#### **4ª.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

As persoas que desexen tomar parte neste proceso selectivo poderán presentar a solicitude no modelo oficial, que figura no Anexo I a estas bases. Para ser admitidas nas probas selectivas correspondentes, as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

As solicitudes dirixiranse a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación Municipal, e presentaranse preferiblemente por medios electrónicos mediante a sede electrónica do Concello de Betanzos, no prazo de DEZ (10) días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no BOP de A Coruña, poderán presentarse en calquera das formas determinadas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico dp Sector Publico).)





Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

As persoas con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria, conforme ao previsto na Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que consten na súa solicitude aínda que os erros de feito que se poidan advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte.

#### **5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Sra. Alcaldesa-Presidenta, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, e publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello e na Sede Electrónica do Concello de Betanzos, <https://sede.betanzos.gal>.

Se houbera aspirantes excluídos, indicárase a causa de exclusión, concedéndose un prazo de tres (3) días hábiles para os efectos da presentación de reclamacións. As reclamacións, se as houbera, resolveranse na resolución que aprobe a lista definitiva, a cal se publicará do mesmo xeito que a provisional. Se non houbera reclamacións contra a lista provisional, quedará elevada de xeito automático a definitiva, sen necesidade de nova publicación.

Nesta resolución definitiva figurará a composición do tribunal e a data do comezo do procedemento selectivo.

#### **6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldesa, publicándose a súa composición coa lista definitiva das persoas admitidas e excluídas ao presente proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros en todo caso pertencerán a corpos de igual ou superior grupo ao do corpo ao que optan os aspirantes. Non





Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designou, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado. Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común. A solicitude de recusación poderase presentar de xeito electrónico a través do rexistro electrónico do Concello de Betanzos.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, aló menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas coas labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico sector público e do procedemento administrativo común a través do recurso de alzada ante a concellería competente en materia de persoal, de acordo co precisado no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O recurso de alzada poderá presentarse electronicamente a través do rexistro electrónico do Concello de Betanzos. Alternativamente poderase presentar en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Betanzos, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico dp Sector Publico).)





Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interperse recurso ante a autoridade que nomee ao seu presidente.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente en cada momento. As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos/as aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades coas demais persoas participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse cada tribunal, así como o día, hora e lugar para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas e, de ser o caso, para a cualificación dos méritos alegados, anterior á fase de oposición, anunciarase no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.gal>, xunto coa resolución aprobatoria da lista definitiva das persoas admitidas e excluídas segundo se sinala nas presentes bases. A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal no taboleiro de anuncios con 24 horas de antelación cando menos a tal realización.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único; perderán o seu dereito os/as opositores/as que non comparezan cando se realice.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais axeitados e necesarios para a práctica dos exercicios.

O Tribunal será considerado de categoría segunda consorte o establecido no artigo 30 RD 462/2002, de 24 de maio.

## **7ª.- NORMAS XERAIS DE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.**

Como normas xerais no desenvolvemento do proceso selectivo, establécense as seguintes:

**a)** As persoas aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único, agás casos de forza maior, debidamente acreditados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal. O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte será de 48 horas, agás naqueles casos que o Tribunal, co





Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

consenso de todos os/as aspirantes, considere conveniente a realización de varios exercicios nunha mesma xornada, ou nun prazo inferior ao anteriormente establecido, concedéndolles ás persoas aspirantes un descanso mínimo de 30 minutos.

**b)** Para determinar a orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan realizarse conxuntamente, actuarase por orde alfabética, A orde de actuación dos/as opositores/as iniciárase alfabeticamente pola/o primeira/o da letra “S” de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 30 de xaneiro (DOG núm. 27, de 10 de febreiro de 2020) pola que se publica o resultado do sorteo realizado ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

**c)** O Tribunal poderá requirir-lles aos/ás aspirantes, en calquera momento da práctica de calquera exercicio ou proba, co obxecto de que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do DNI ou documentación identificativa análoga (carné de conducir ou pasaporte). Pese a que na realización das probas, velarase polo anonimato dos aspirantes, sempre que o Tribunal así o estime pertinente pola lóxica do desenvolvemento do proceso selectivo, os/as aspirantes serán chamados, en chamamento único, pola/o secretaria/o actuante do Tribunal debendo identificarse nese momento unicamente ante este membro do Tribunal, coa mesma acreditación identificativa que a mencionada enriba.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluírase desta previa audiencia do/a interesado/a, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

**d)** A selección de aspirantes realizarase mediante o sistema de oposición.

**d) 1.- Fase de oposición. A oposición terá unha cualificación máxima de 100 puntos, e consistirá na realización dos seguintes exercicios:**

#### **1º exercicio**

- Exame teórico de desenvolvemento do temario: exame teórico, de carácter eliminatorio e obrigatorio, para o desenvolvemento de temas referidos ao temario anexo á presente convocatoria (anexo II temario xeral é temario específico)
- Este exercicio consistirá na realización por escrito e nun tempo máximo de 60 minutos, dun test de 60 preguntas que comprenda a parte xeral e a parte específica.
- A cualificación máxima deste exercicio é de 60 puntos, e será necesario acadar 35 puntos para superalo. Como criterio de valoración o tribunal considerará o seguinte:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico dp Sector Publico).)





Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: correo@betanzos.net

- Cada pregunta acertada equivale a un punto (1,0)
- Cada pregunta errónea restará cero cincuenta puntos (0,50)

## 2º. Exercicio:

- Exame práctico: exame práctico, de carácter eliminatorio e obrigatorio, para o desenvolvemento dunha proba de capacitación de nivel técnico.
- Este exercicio consistirá na realización nun tempo máximo de 30 minutos, dun suposto práctico determinado polo tribunal relacionados cun supostos/situacións de índole teórico-práctica, referido ao contido do temario anexo II (temario xeral e específico) e relacionado coas funcións do posto de traballo, determinado polo tribunal avaliador.
- A cualificación máxima deste exercicio é de 40 puntos, sendo necesario acadar 20 puntos para superalo. Como criterio de valoración, ademais dos coñecementos expostos, o Tribunal considerará a orde nas ideas/conceptos, claridade expositiva e capacidade analítica e pragmática dos aspirantes na resolución do problema/situación formulado.
- O tribunal queda competencialmente capacitado para determinar a posibilidade de utilización de apoio legal e documental para a realización deste exercicio, con carácter previo á realización da proba.

## 3º. Exercicio:

- Proba de galego: de carácter obrigatorio e eliminatorio. Tal e como establece o art. 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego na Administración pública de Galicia e para garantir os dereitos das administradas e administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da comunidade autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6.3º da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.
- Este exercicio terá unha cualificación de Apto/Non Apto, quedando exentos da realización deste aqueles aspirantes que acrediten a titulación de nivel Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente.
- A proba de coñecemento da lingua galega consistirá na tradución escrita (sen apoio documental, dicionario, etc.) de castelán ao galego normativo, dun texto facilitado polo Tribunal.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico dp Sector Publico).)





Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

Este exercicio terá unha duración máxima de 30 minutos.

## d) 2. Cualificación final

A puntuación total de cada aspirante no proceso selectivo virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de oposición, que será entre 0 e 100 puntos. Os/as aspirantes deberán obter un mínimo de 50,00 puntos para superar o proceso selectivo e formar parte da bolsa de emprego.

O tribunal de selección determinará a lista provisional de aprobados e a orde provisional dos integrantes da Bolsa de Emprego en cada categoría, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Betanzos (<https://sede.betanzos.gal>) a efectos de posibles reclamacións durante un prazo de tres días, que serán resoltas polo Tribunal.

## 8ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

1. O aspirante seleccionado en primeiro lugar, no prazo de cinco días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, deberá presentar na secretaría do Concello de Betanzos, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.
- b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

2. Os que tivesen a condición de funcionarios públicos ou persoal laboral, estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa amosados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración da que dependeran para acreditar tal condición.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico dp Sector Publico.).







Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser nomeados, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar na oposición.

## 9ª.- FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

1. Mediante Resolución da Alcaldía determinarase a lista definitiva de aprobados/as e orde definitiva dos/as integrantes da Bolsa de Emprego, por orde da puntuación total obtida no proceso selectivo polos distintos aspirantes, e será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Betanzos (<https://sede.betanzos.gal>).

En caso de empate na puntuación total, terá prioridade a persoa candidata que obtivese maior puntuación na fase de oposición e de persistir este quen acredite maior experiencia profesional. Se aínda persiste o empate decidirase por sorteo público.

A Bolsa de Emprego en cada categoría que se creará coa presente convocatoria terá unha vixencia de 3 anos dende a publicación das listas definitivas de candidatos/as aprobados/as, e os/as candidatos/as que pasen a formar parte desta non ostentarán dereito ningún ao nomeamento/contratación.

2. Os procedementos específicos para a contratación do persoal funcionario interino por programa seleccionado no suposto de baixas, vacacións, permisos ou circunstancias similares do persoal; ou para atender a acumulación de tarefas, programas temporais, ou servizos estacionais urxentes que non poidan prestarse co persoal existente, realizaranse conforme aos seguintes trámites:

a) Informe do/a xefe/a de servizo ou sección ou do/a concelleiro/a do área, xustificando as circunstancias e as necesidades de persoal.

b) Informes xurídico de Secretaría e informe de fiscalización e existencia de crédito de Intervención.

c) Resolución da Alcaldía acordando o nomeamento do/a candidato/a que ocupe o primeiro lugar da lista, agás que renuncie ou non conteste, suposto no que se nomeará ao seguinte candidato da Bolsa de Emprego, pasando este ao último lugar da lista; e así sucesivamente.

d) Os chamamentos dos/as aspirantes efectuaranse pola orde na que estes figuran na lista de substitución, a través de SMS, correo electrónico ou chamada telefónica, entre as 09:00 h e as 14:00 h do seguinte día hábil posterior a que se dite a Resolución da Alcaldía que acorde o nomeamento do/a candidato/a, deixando constancia fidedigna de cada chamamento.

A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que os/as aspirantes teñan facilitado

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico dp Sector Publico).)





Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

nas súas solicitudes de participación nos procesos, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos correctos necesarios (número de teléfono e dirección de correo electrónico).

Se algún/algunha candidato/a non contesta seguirase chamando aos seguintes da listaxe coa finalidade de axilizar e non paralizar o proceso de contratación, tendo en conta que se durante esa xornada a persoa coa que non se deu contactado se pon en contacto co Concello ten dereito a ser contratado, doutro xeito pasará ao final do listado.

A aceptación da oferta, efectuarase por vía telefónica, antes das 12:00 h do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada.

A incorporación ao traballo, deberá producirse no prazo que se indique na comunicación. A renuncia é obrigatoria sendo válida por fax, correo electrónico ou calquera outro medio no que quede constancia no concello.

**e)** Formalización do correspondente contrato laboral temporal polo período que dure a substitución de persoal, ou os servizos temporais ou estacionais urxentes, persoal existente, conforme ao Estatuto dos traballadores, baixo a modalidade que proceda no caso concreto.

**3.** Unha vez que o persoal contratado remate o seu contrato de traballo, se tivese acumulados máis de 270 días de traballo para o Concello, pasará a ocupar o derradeiro lugar na lista; en caso contrario, volverá a ocupar o lugar no que se atopaba antes da contratación. En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacións da Bolsa de Emprego.

A xornada laboral poderá ser a tempo completo ou a tempo parcial, dependendo das necesidades do servizo.

**4.** A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado suporá que o/a candidato/a pase ao último lugar da bolsa de emprego. A renuncia a dúas ofertas sen xustificar será causa de expulsión da bolsa de emprego.

Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o/a candidato/a ao último lugar da lista, e quedará na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

**a)** Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou Libro de familia.

**b)** Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico dp Sector Publico).)





Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

c) Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.

d) Outras causas similares as anteriores debidamente xustificadas.

e) Estar en situación de emprego activo temporal e non escoller cambiar de posto de traballo. Neste caso causará baixa temporal na listaxe e será súa a responsabilidade de xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego. A presentación da documentación acreditativa de calquera das anteriores circunstancias efectuarase no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación do chamamento efectuado polo Concello.

5. Son causas de exclusión da bolsa de emprego as seguintes:

a) Ter sido separado do servizo mediante expediente disciplinario sempre que exista unha resolución xudicial definitiva.

b) A non superación do período de proba. No caberá esixir este período de proba cando o/a traballador/a xa desempeñará as mesmas funcións con anterioridade.

c) Ter sido despedido polo Concello de Betanzos.

## 10ª.- INCIDENCIAS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio a partires do día seguinte ao da publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

No non previsto nas Bases, será de aplicación: o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico dp Sector Publico).)





Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado; o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia; o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de Marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes.

### 11ª.- INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

Responsable do tratamento: Concello de Betanzos, con dirección no Edificio Liceo, praza de Galicia, 1, 15300 – Betanzos.

Delegado de protección de datos: Para calquera dúbida pode dirixirse ao Delegado de Protección de datos do Concello de Betanzos: Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net).

Finalidade do tratamento: Os datos facilitados serán tratados para a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

Lexitimación: A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no consentimento outorgado e no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. O consentimento é revogable en todo momento sen efectos retroactivos.

Destinatarios/as: Os datos poderán ser comunicados ás Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

Prazo de conservación: O Concello de Betanzos conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos

Dereitos: Ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico dp Sector Publico).)





Concello de Betanzos  
 Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
 : 981 770 001  
 Fax: 981 776 259  
 Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
 sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
 e-mail: correo@betanzos.net

**ANEXO-I: MODELO DE INSTANCIA**

I. D/D<sup>a</sup>  con D.N.I. nº   
 con domicilio en , rúa   
 n.º , piso , C.P. , Tlf. , correo electrónico

Persoa con discapacidade (indíquese o que proceda):  
 NON  SI. Grao de discapacidade  %.

Neste caso indíquese si precisa adaptación das probas:  
 Non.  Si. Neste caso describa en documento á parte as adaptacións que solicita.

II. Tendo coñecemento da convocatoria para a selección e creación dunha bolsa de emprego para proceder á provisión temporal de prazas de funcionarios interinos, grupo C, subgrupo C1, por acceso libre (oposición), e considerando cumprir todos os requisitos esixidos nas bases publicadas no B.O.P. n.º , de data: , que declara coñecer e aceptar.

1º) **SOLICITO**, tomar parte no devandito procedemento selectivo.

2º) **DECLARO**, que son certos todos os datos consignados nesta solicitude e que reúne todos e cada un dos requisitos necesarios para participar nos procesos selectivos convocados polas administracións públicas e os sinalados nas bases que rexen este procedemento.

3º) Estou en posesión do CELGA 4 ou documento equivalente (marque o que proceda):  
 SÍ  NON

4º) **ACHEGO copia** dos seguintes documentos (marcar cun x o que corresponda):  
 De ser o caso, certificación de ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedida pola administración correspondente e certificación acreditativa da súa compatibilidade co posto de traballo.  
 Lugar, data e sinatura.

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE BETANZOS

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico dp Sector Publico).)





Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: correo@betanzos.net

## ANEXO II: TEMARIO XERAL E ESPECÍFICO:

1. A Constitución Española de 1978. Antecedentes. Valores superiores e principios inspiradores.
2. O estado social e democrático de dereito. Dereito e deberes fundamentais.
3. Os principios reitores da política social e económica. Garantía e casos de suspensión. O procedemento de reforma constitucional.
4. Órganos constitucionais. A Coroa. As Cortes Xerais. O Congreso dos Deputados e o Senado. Composición e funcións.
5. A función lexislativa. O Goberno do Estado. O Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional. O Tribunal de Contas e o Defensor do Pobo.
6. A representación política en España: Os partidos políticos. O sistema electoral español. Organización do sufraxio e procedemento electoral.
7. A organización territorial do Estado Español. As Comunidades Autónomas: Fundamento constitucional. Os estatutos de Autonomía. Delimitación das funcións e competencias do Estado e das Comunidades Autónomas.
8. A Administración local: Regulación constitucional. Tipoloxía dos entes locais. Distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas sobre a administración local.
9. A Lei de bases do réxime local. A organización territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
10. O municipio: organización, competencias municipais, eleccións municipais e réximes especiais, órganos necesarios e complementarios.
11. A provincia: organización, competencias, eleccións dos deputados provinciais e réximes especiais. As relacións entre as institucións da Xunta de Galicia e os entes locais.
12. A Comunidade Autónoma de Galicia: antecedentes histórico – culturais. O Estatuto de Autonomía de Galicia: proceso de elaboración, fundamento, estrutura e contido básico. Competencias da comunidade autónoma. Reforma do estatuto.
13. A organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia: O Parlamento de Galicia. Composición, atribucións e funcionamento. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O defensor do Pobo de Galicia. O Tribunal de Contas de Galicia.





Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**14.** Organización do Concello de Betanzos: Alcaldía: atribucións. O Pleno: composición e atribucións. Os tenentes de alcalde e os concelleiros: competencias e atribucións. Xuntas de Goberno Local. Comisións informativas e outros órganos colexiados na administración local. Regulamento orgánico municipal do Concello de Betanzos.

**15.** A administración da Comunidade Autónoma de Galicia: principios de organización, actuación e atención cidadá. Principios de organización e funcionamento. Organización xeral. Tipos de órganos. Órganos centrais e territoriais. Estatuto dos altos cargos da administración.

**16.** A Unión Europea. Os tratados orixinais e modificativos das comunidades europeas. As institucións comunitarias. O dereito comunitario e os distintos tipos de fontes.

**17.** As liberdades básicas do sistema comunitario. As principais políticas comúns con especial referencia a política rexional comunitaria. Os fondos estruturais e os seus obxectivos prioritarios.

**18.** A administración pública: concepto, caracteres e clasificación. A administración e o dereito. O principio de legalidade e as súas manifestacións. As protestas administrativas. A actividades discrecional da administración: límites e control.

**19.** Fontes do dereito administrativo: clasificación. Xerarquía normativa. A Lei: concepto e clases. Disposicións do executivo con forza de Lei.

**20.** O Regulamento: concepto e clasificación. A potestade regulamentaria. Procedemento de elaboración dos regulamentos.

**21.** Os órganos administrativos: concepto e clases. A competencia: clases e criterios de delimitación.

**22.** O acto administrativo: concepto, clases e elementos. A forma dos actos: a motivación. A eficacia do acto administrativo: a notificación e a publicación.

**23.** O silencio administrativo, natureza e réxime xurídico.

**24.** A invalidez e revisión de oficio dos actos administrativos.

**25.** O procedemento administrativo: natureza e fins. O procedemento administrativo común na Lei do procedemento administrativo común nas Administracións Públicas. Os principios xerais.

**26.** Os interesados. Dereitos dos cidadáns no procedemento. Fases do procedemento. O réxime xurídico do sector público. Principios xerais. Abstención e recusación.

**27.** A revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico dp Sector Publico.).





Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

- 28.** Os recursos administrativos: concepto, clases e principios xerais da súa regulación. Actos que esgotan a vía administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa: concepto e natureza.
- 29.** Os contratos da administración: obxecto e finalidade. Ámbito de aplicación. Clasificación dos contratos. O órgano de contratación. Capacidade e solvencia do empresario. Preparación dos contratos polas administración públicas.
- 30.** Adxudicación dos contratos. Execución, modificación e extinción dos contratos.
- 31.** A responsabilidade patrimonial da administración. Procedemento xeral e procedemento abreviado. A responsabilidade das autoridades e do persoal. Responsabilidade das administracións por actos dos seus concesionarios e contratistas.
- 32.** O servizo público. Doutrina clásica e evolución. As diferentes formas de xestión dos servizos públicos. As concesións: natureza xurídica e clases.
- 33.** O réxime xurídico das concesións: modificación, novación, transmisión e extinción das concesións.
- 34.** A expropiación forzosa: regulación constitucional. Competencia da Xunta de Galicia. Natureza e xustificación da potestade expropiadora. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Peculiaridades do procedemento de urxencia. Procedementos especiais. A reversión dos bens obxecto de expropiación.
- 35.** Os bens da administración: bens de dominio público: caracteres, uso e aproveitamento: afectación e desafectación. Bens de dominio privado: caracteres, adquisición, dispoñibilidade, afectación e desafectación e uso. Responsabilidades e sancións.
- 36.** O patrimonio do concello de Betanzos. Regulación xurídica, concepto e clasificación dos bens e dereitos. O inventario xeral de bens e dereitos.
- 37.** O réxime xurídico do persoal ao servizo das administración públicas: réxime estatutario e laboral. A normativa básica estatal.
- 38.** O cidadán como cliente da Administración. O estatuto dos veciños. A atención ao público.
- 39.** O orzamento das entidades locais. Concepto. Estrutura. Formación e aprobación.
- 40.** *Tipos de sistema de información. A sociedade da información. Xestión de procesos administrativos e simplificación. Tecnoloxías. Tendencias actuais. Ordenanza para a regulación da administración electrónica municipal do Concello de Betanzos.*







Concello de Betanzos  
Praza de Galicia nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
: 981 770 001  
Fax: 981 776 259  
Web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE  
**A Alcaldesa,**  
**María Barral Varela.**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico dp Sector Publico.).

